




GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ



Ó PLENO DO CONCELLO DE ALLARIZ

MOCIÓN NO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Zaida Rodríguez Camba, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A loita contra a violencia que se exerce cara ás mulleres, debe ser unha prioridade que nos obriga a toda a sociedade no seu conxunto. Unha obrigaón que lle corresponde en primeira instancia aos gobernos e administracións no marco das súas correspondentes competencias.

A violencia de xénero afunde as súas raíces na histórica desigualdade que tiveron e aínda seguen tendo as mulleres, como consecuencia do patriarcado existente nas nosas sociedades, por iso é fundamental abordar a súa erradicación desde as políticas de igualdade, desde o feminismo, para favorecer unha cultura da igualdade fronte a unha cultura da submisión.

Para contribuír a erradicar a violencia de xénero precísanse medidas políticas e institucionais desde os diferentes ámbitos que aborden o problema de maneira integral e sexan capaces de dar resposta ás necesidades específicas das mulleres vítimas e ás das súas fillas e fillos.

Non se poderá avanzar na erradicación da violencia e na atención específica ás mulleres, se non se establecen os mecanismos de coordinación necesarios entre as diferentes administracións e institucións con responsabilidade na materia, pero tampouco se poderá seguir avanzando se non se dotan ás distintas administracións dos recursos económicos e de persoal especializado adecuados.

Na resposta integral, as administracións locais son unha peza crave e xogan un papel fundamental. Os Concellos pola súa propia definición como institución máis próxima á cidadanía e ás necesidades sociais, supoñen o primeiro estamento na prevención así como na atención a través de información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos.



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

É imprescindible dotar de novo aos Concellos das súas competencias en materia de igualdade. É necesario e imprescindible contar coas estruturas municipais e a súa implicación na loita contra a violencia de xénero, e para iso é fundamental dotarlles de recursos adecuados. Unha sociedade non pode denominarse democrática senón é capaz de garantir a seguridade e liberdade do 50% da súa poboación. E nesta responsabilidade, o Concello como institución máis próxima a cidadanía ten un compromiso ineludible.

A batalla contra o machismo que mata; contra o machismo que cala; contra o machismo que ampara, xustifica, tolera ou banaliza. A batalla contra un fenómeno incompatible coa democracia, continúa.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de Allariz, propoñemos para a súa aprobación polo Pleno do Concello os seguintes acordos:

1.- Instar o Goberno de España, a que inicie os trámites para as modificacións lexislativas necesarias, ao obxecto de devolución das competencias ás entidades locais no exercicio das políticas de igualdade e contra a violencia de xénero.

2.- Instar o Goberno de España, o cumprimento do compromiso económico acordado no PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, ao obxecto de destinar vía transferencia aos Concellos, un incremento anual de 20 millóns de euros durante os próximos 5 exercicios, para o desenvolvemento das medidas correspondentes contempladas no devandito Pacto.

3.- Potenciar o programa municipal de "Doulas Sororas", ao longo de todo o ano e por tódolos núcleos de poboación do Concello. Non se pode calar, nin mirar para outro lado. Hai que denunciar os comportamentos intolerables. A veciñanza non pode ser cómplice silenciosa desta lacra social.

4.- Dar traslado da Moción e a súa aprobación ao Presidente do Goberno, a Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ao Ministro de Facenda e Función Pública, así como ao Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

Allariz, 23 de Novembro de 2017.

Asdo.: Zaida Rodríguez Camba.
Concelleira do PSdG-PSOE en Allariz.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ.-